

a publicar de vez en cando: en 1971 dá a coñecer parte do seu teatro so o título *Catro pezas*.

Sempre se distinguiu pola súa independencia e pola fidelidade ás ideas nacionalistas do único partido en que militou. Estes principios básicos foron causa de simpatías e de antipatías, sobre todo desde que manifesta a súa posición clara a prol dunha normativa para o galego tendente a identificalo dentro do tronco do romance hispánico occidental ao que por orixe pertence, isto é, o galego-portugués, e non a aproximalo a solucións castelás que o dialectalizan facendo del un híbrido.

Esta disensión aínda se había de ir acrecentando despois da xubilación, en 1980, xa instaurado o réxime democrático. Carvalho seguía acudindo ao despacho na Universidade e seguía traballando, agás na docencia, en todos os campos en que se viña desenvolvendo. Pode prestar á obra literaria maior atención. De modo que refundirá a poesía anterior en dous libros, *Pretérito imperfecto* (1927-1961) e *Futuro condicional* (1961-1980), e publica dous novos: *Cantigas de amigo e outros poemas* (1980-1985) e *Reticências...* (1986-1989), este xa póstumo. Tamén a obra dramática: *Teatro completo* (1982), e a narrativa: *A gente da Barreira e outras historias* (1982) e *Narrativa completa* (1984). Logo publicará a derradeira novela, *Scórpico* (1987), coa que a Literatura lle dá unha última satisfacción, o premio da Crítica de 1988. Nela, empregando técnicas non tradicionais e unha orixinal estrutura, recolle (convertidos en ficción literaria) elementos autobiográficos de xuventude.

Sen pretensión de dar conta dunha obra inxente, ficaría nubrado o seu percorrido e o seu perfil se non fixésemos mención ao ensaio. Citemos só dous títulos representativos, o primeiro sobre temas literarios e o segundo so-

bre temas lingüísticos: *Libros e autores galegos*, dous volumes que aparecen en 1979 e en 1982, e *Da fala e da escrita* (1983). Este xénero é o medio escollido para expoñer opinións e argumentos na liña de considerar o galego como lingua propia de Galicia, que debe recuperar a condición de idioma de uso normal (habitual) en todos os ámbitos públicos e manter o seu carácter de romance occidental, diferenciado do romance central, o castelán, do que é irmán. Mais isto, que é fundamentalmente unha constatación de realidades obxectivas, custoulle a Carvalho o illamento das institucións políticas e culturais oficiais máis influíntes. Foi, en troco, agasallado e moi prezado polas correntes defensoras do galego e por amplos sectores da sociedade, que o acompañaron nun enterro multitudinario e que, tamén agora, teñen que continuar a esforzarse por facer visibles estas evidencias.

#### VERDADEIRO POETA FOI ("RETICÊNCIAS")

Verdadeiro poeta foi. Nom escreveu para os poetas. Cantou para os homes. Aqueles, monstruosamente deshumanos, non o admitiron nos seus coros, porque desentoava a súa clara voz da balbúrdina a maotentá que eles obscuramente articulavam. A poesía é demasiado séria para que se administre teocraticamente.

Mais eles nom pensavam así. Cria num corporativismo autoritário. Quanto aos homes non lēem as revistas, os libros de poesía. Mais ouvirom alguns aquela voz, e crerom que era a súa própia: así que lle pretarom atençom, porque nada interessa tanto a um como um mesmo. E ficarom admirados do bem que se exprimiam. Este foi o destino do poeta

verdadeiro. Os seus colegas o seu nome apagarom no escalaform que editam profesionalmente. El nom estava sindicado. Os homes que o escuitarom e crerom escuitar-se, tamén nom conhecerom o seu nome, naturalmente, o nome del. Excomungado, anónimo, viveu, morreu. Já somente eu o lembro. Poeta verdadeiro.

Até neste punto a súa historia é representativa da nosa Historia. Morreu o 25 de marzo de 1990 e nacera o 30 de outubro de 1910. Este ano cumpriría cen anos e aínda non se lle dedicou o Día das Letras Galegas.



Ricardo Carvalho Calero, á esquerda, con Delia Vázquez e outros directivos da Sociedade Cultural "Medulio" de Ferrol, organización que lle organizou unha homenaxe en decembro de 1981; arriba, Carvalho, feliz, durante a devandita homenaxe.





# O CARÁCTER AVANZADO DE ROSALÍA DE CASTRO

MANUEL REI

**I**mos reseñar neste breve artigo algúns aspectos xerais e outros pouco coñecidos da vida de Rosalía, que carece aínda dunha biografía completa, pese a ser a nosa escritora máis universal.

Rosalía de Castro representa unha síntese excepcional para a cultura do noso país, tanto polo seu pensamento avanzado no plano feminista como pola súa obra literaria, obra realizada por unha muller en momentos difíciles e desde unha nación olvidada e marxina da no conxunto do Estado. Para entendela cabalmente é preciso situámonos nos esquemas fortemente represivos da sociedade de hai ben máis de cen anos, e é preciso pórmolos na pel dunha muller que cría na liberdade, que aspiraba a que se recoñecese a igualdade ou cando menos a fraternidade entre o home e a muller, loitando contra normas e imposicións, e que, ademais o fixo, en boa medida, desde un idioma non recoñecido, o galego.

Da súa traxectoria vital e da súa obra chegóusenos a ofrecer unha imaxe moi distorsionada e que, nalgúns casos, era a antítese da real. De aí que se chegase a falar dunha muller escasamente formada, idea alentada sempre por Murguía, convencional dentro do seu matrimonio, mesmo de santa, romántica rezagada, intuitiva e irracional...

A "musa dos pobos", como a chamou Curros Enríquez, a nosa escritora máis universal viviu só 48 anos. Naceu en 1837

en Compostela, filla de dona Tereixa de Castro, pertence a unha familia fidalga en vías de empobrecemento (Pazo de Arretén) e de don Xosé Martínez Vioxo, un cura que chegou a ser o presbítero da Colexiata de Iria.

Tras non poucos calvarios na súa vida (económicos, de saúde, incompreensións) morreu dun cancro en 1885. Precisamente conmemoramos os 125 anos do seu pasamento o vindeiro mes de xullo.

Nese escaso tempo de vida, Rosalía publicou cinco volumes de poesía, cinco novelas, un conto e varios artigos de prensa, ensaios e manifestos de grande relevancia (dous deles, os prólogos de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*). Ademais disto, sabemos que á súa morte se perderon determinadas obras inéditas que ela, ao parecer, ordena queimar a unha filla súa.

Segundo datos postos de manifesto por un padrón de habitantes, sabemos que, desde moi cedo, polo menos cando contaba con cinco anos xa vivía coa súa nai en Padrón, o que desmente unha suposta desafección da nai. A preocupación desta pola súa filla é ben evidente e Rosalía correspóndea debida-

función teatral que organizou o Liceo de Santiago.

Aos dezasete, protagonizou *Rosmunda* de Gil y Zárate, con grande éxito. Sobre esta faceta da vida de Rosalía e as súas aspiracións, sirva de exemplo que, entre os anos 1855 e 1856,

interviu, cando menos, en seis representacións teatrais diferentes. O seu traslado a Madrid neste último ano evidencia as súas expectativas tanto no mundo do espectáculo teatral como no da escrita profesional. Porén, durante a súa estada madrileña que vai até 1867, padecerá a represión, a censura de imprenta e as limitacións obxectivas que imperaban na sociedade do momento, abocándoa a un dos máis grandes desencantos da mocidade. Rosalía exprésao claramente no manifesto feminista "Lieders" (1858): "*Sólo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido desde la cuna ya el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud*". Ou no prólogo á súa primeira novela *La hija del mar* (1859): "*Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben*". E así varias proclamas máis.

En paralelo á vivencia da opresión da muller, Rosalía vai por de manifesto a opresión da súa patria, Galiza. Faino en *Cantares gallegos* (1863), libro fundador da nosa modernidade literaria, dun xeito tan lúcido e contundente, que asombra nunha moza de vinte e seis anos. Se hai algo que sobrancea neste libro é o fondo amor á súa patria ("*o amor da patria me afoga*", di a meniña gaiteira), a denuncia dos males do pobo galego ("*prole fecunda*"), convertido por designios do Estado en "*errantes hordas*" (a emigración), a negación da españolidade de Galiza ("*Probe Galicia, non debes/ chamarte nunca española, /que España de ti se olvida*"), e a constatación de que o camiño a seguir non é esperar axuda allea, senón afirmar o noso patriotismo ("*Galicía, ti non tes patria, /ti vives no mundo soia*")... Léase, se non, "Castellanos de Castilla", "Adiós, ríos..." ou o mesmo prólogo do libro; a expresión destes sentimentos manterase no resto das súas obras.





# ROSA ANEIROS

## NO "CONCEPCIÓN ARENAL"

O día 15 de abril estivo no noso centro a xornalista e escritora Rosa Aneiros (Meirás, 1976) para falarnos da súa obra literaria e, en xeral, do oficio de escribir.

Rosa está licenciada en Xornalismo pola Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela. Actualmente traballa no Arquivo e na Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega.

A esta actividade temos que engadir a súa experiencia como docente na Facultade da USC (Campus de Lugo), a colaboración en distintos medios de comunicación: radiofónicos "Un día por diante" da Radio Galega, impresos e dixitais: culturagalega.org (sección "Agardando as lagarteiras"), Diario de Pontevedra, El Progreso, Galicia Hoxe, Diario de Ferrol, El País, Grial, Fadamorgana ou Casa da Gramática. Ten publicados relatos en volumes colectivos: Narradoras, Relatos, Relatos gañadores do Pedrón de Ouro, Seis ferroláns, Alma de beiramar perdida, Botella ao mar ou Narradio. Os seus artigos literarios están recollidos en "Agardando as lagarteiras" e "Ao pé do abismo".

Con pouco máis de 20 anos publica a súa primeira novela: *Eu de maior quero ser* (1999) á que seguen outras: *Corazóns amolecidos en salitre* (2002), *Resistencia* (2003), *O xardín da media lúa* (2004), *Veú visitarme o mar* (2004), *Os ourizos cachos e o gran río gris* (2007).

A súa produción narrativa conta cun grande recoñecemento, séndolle concedidos os seguintes galardóns: Modesto Rodríguez Figueiredo (Pedrón de Ouro, 1998), Manuel Loureiro Rey (1996), Manuel Murguía (2001), o Carvalho Calero (2001), o Premio Arcebispo Xoán de San Clemente (2003), o Pre-Premio da Crítica Losada Diéguez (2005) e o Premio Caixanova Francisco Fernández del

Riego (2007) polo relato "A última vaca".

O ano pasado foi para ela moi especial porque os dous libros publicados foron premiados: *Sol de Inverno* consegue o Premio Xerais de novela (2009) e *Ás de bolboreta* o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil (2009).

Comezou a charla situándose no lugar dos seus oíntes. Voltou máis ou menos quince anos atrás no tempo para expresarlles aos alumnos como merece a pena loitar por conseguir aquilo que, xa desde moi cedo, se manifesta con certa claridade, ben sexa unha afección ao deporte, á música, á escrita...

Ela desde ben pequena sentiuse inclinada a escribir. Lembra especialmente as historias que lle narra o seu padriño sobre a emigración en Cuba e lembra tamén o impacto que lle produciu un libro: *O principião* de Saint-Exupéry. A súa lectura segue a ser reveladora ao longo da vida. Cada vez que o volve a ler pode descubrir algo novo porque, como ela expresou tan ben, a obra literaria remátana os lectores e esa sutil comunicación que os lectores mantemos coas obras literarias ten moito que ver coa disposición e mesmo co estado anímico en que nos encontramos.

Baseándose en *Ás de bolboreta*, libro que leron os alumnos, falou de técnicas da escrita e empregou o símil do cinema para que os alumnos reflexionaran como se podía representar o movemento coas palabras, ou a calma, ou o desespero... Falou das escollos léxicas, da importancia das palabras. Pero, sobre todo, foi quen de chegar á sensibilidade



Rosa Aneiros no noso centro: asinando libros (arriba) e durante a charla (abaixo).



do alumnado, de descubrir os seus gustos e afeccións, de facerlles preguntas que os fixeron pensar, que os fixeron opinar. Ela tamén contestou a cuestións que lle fixeron e, entre outras, declarouse unha admiradora da obra literaria de Manuel Rivas e de Agustín Fernández Paz.





ano en que nos atopamos veñen sendo protagonistas unha serie de sucesos como o decretazo sobre o galego, a Lei de Economía Sostible ou, neste caso, o que nos ocupa: o centenario de Miguel Hernández, un dos grandes poetas españois.

Nado en Orihuela, Alicante, en 1910, é definido por outro poeta do grupo, Dámaso Alonso, como "xenial epígono da xeración do 27".

Ao contrario que outros autores desta xeración, provén dunha familia humilde de gandeiros e, dende os oito anos, dedícase ao pastoreo de ovellas e cabras. Cumpridos os dez anos de idade, empeza a estudar no Colexio de Santo Domingo onde non tardarán en advertir o seu grande gusto pola lectura. Uns anos mais tarde, rematados os estudos básicos, continúa coa cría de gando a petición do seu pai.

Pouco máis tarde, a través dun grupo de mozos como el aficionados aos versos, coñecerá ao seu grande amigo Ramón Sijé, quen estimulará a súa creación literaria.

Probará sorte en Madrid, na grande cidade, só, cunha maleta chea de esperanzas e versos... Como os versos serían rexeitados, volverá rapidamente a Orihuela.

Non sería até un ano despois, en 1933, cando vexa publicado o seu primeiro libro *Perito en lunas*. Aínda que non vende moitos exemplares, recibe moi boas críticas, o que o anima a continuar. En 1934 volve a Madrid, onde, esta vez si, terá éxito e alí publicará unha obra de teatro, *Quien te ha visto y quien te ve y sombra de lo que eras* na revista "Cruz y Raya". Pronto coñecerá aos mellores poetas do momento: Lorca, Aleixandre, Alberti... e comeza unha especial amizade con Neruda e Vicente Aleixandre.

No ano 35 morrería o seu grande amigo Ramón Sijé. Desta morte xurdiría unha das mellores elegías da poesía española: a "Elegía a Ramón Sijé" que sería recollida no libro publicado no 1936, *El rayo que no cesa*, un poemario cargado de grande forza amorosa.

En tempo xa de guerra casa co seu amor,

# Centenario do nacemento de MIGUEL HERNÁNDEZ

IAGO POLO (B2ºF)

Josefina, e desta unión nacerían dous fillos, un dos cales morre ao pouco de nacer.

Durante a guerra publicara dous libros cun claro tema social: *Viento del pueblo* (1937) e *El hombre acecha* (1939).

Ao rematar a guerra intenta fuxir a Portugal, pero a policía portuguesa entrégao a España. Aquí será xulgado polas súas actividades políticas e sentenciado a pena de morte, máis tarde conmutada por unha condena de trinta anos. No cárcere compón a meirande parte de *Cancionero y romancero de ausencias*, así como o famoso poema "Nanas de la cebolla".

En 1941 maniféstaselle unha grave afección pulmonar que deriva en tuberculose, a cal poñería punto final a súa curta vida en 1942.

Canto ao seu estilo podemos destacar súas metáforas, moi persoais. Foi autodidacta e asimilaba moi ben o que lía. A súa poesía ten tons vigoroso e angustiados, onde alterna versos de apurado estilo gongoriano con outros que expresan a forza, o desgarrado e a orixe popular.

Non se pode falar da súa produción literaria sen destacar poemas como "Nanas de la cebolla" adicadas ao seu fillo a raíz dunha carta da súa muller, onde lle dicía que só se podían alimentar de pan e cebolas. O poema posúe unha incribel mensaxe de esperanza, aconsellándolle ao seu fillo que aínda que as dificultades o asolen, debe seguir adiante, debe rir sempre, non derrubarse, tirar cara a diante:

*Al octavo mes ríes  
con cinco azahares.  
Con cinco diminutas  
ferocidades.  
Con cinco dientes  
como cinco jazmines  
adolescentes.*

*Frontera de los besos  
serán mañana,  
cuando en la dentadura  
sientas un arma.  
Sientas un fuego  
correr dientes abajo  
buscando el centro.*

*Vuela niño en la doble  
luna del pecho:  
él, triste de cebolla,  
tú, satisfecho.  
No te derrumbes.  
No sepas lo que pasa ni  
lo que ocurre.*

Ou a asombrosa Elegía a Ramón Sijé :

*En mis manos levanto una tormenta  
de piedras, rayos y hachas estridentes  
sedienta de catástrofe y hambrienta*

*Quiero escarbar la tierra con los dientes,  
quiero apartar la tierra parte  
a parte a dentelladas secas y calientes.*

*Quiero minar la tierra hasta encontrarte  
y besarte la noble calavera  
y desamordazarte y regresarte*

*Volverás a mi huerto y a mi higuera:  
por los altos andamios de mis flores  
pajareará tu alma colmenera*

(...)

*Tu corazón, ya terciopelo ajado,  
llama a un campo de almendras espumosas  
mi avariciosa voz de enamorado.*

*A las aladas almas de las rosas...  
de almendro de nata te requiero,  
que tenemos que hablar de muchas cosas,  
compañero del alma, compañero*

E por último destacar "Niño yuntero", o cal reflicte unha preocupación social:


*Empieza a vivir, y empieza  
a morir de punta a punta  
levantando la corteza  
de su madre con la yunta.  
Empieza a sentir, y siente  
la vida como una guerra,  
y a dar fatigosamente  
en los huesos de la tierra*

(...)

*¿Quién salvará este chiquillo  
menor que un grano de avena?  
¿De dónde saldrá el martillo  
verdugo de esta cadena?  
Que salga del corazón  
de los hombres jornaleros,  
que antes de ser hombres son  
y han sido niños yunteros.*







## LOS PUNSETES

LP2

(Everlasting Records – 2010)

O segundo disco de Los Punsetes, titulado “LP2”, non supón nin un grande cambio nin ningunha grande innovación con respecto ao seu anterior traballo “LP”, co que debutaron dentro da escena independente española. Se ben as cancións seguen máis ou menos a mesma liña argumental, afástanse un pouco dos temas máis cotiáns. Continúan tratando nas súas letras cuestións atípicas, que se saen un pouco dos temas tratados polas demais bandas, e é nesa característica onde reside o seu encanto. Destacan cortes coma “De moda”, “Dinero” ou “Estilo”, que teñen todos os elementos típicos desta banda madrileña.

Moita xente desilusionárase tras escoitar a canción que presentaba o disco e que saíra semanas antes, “Tus amigos”, e non é de estrañar, a canción ten unha letra repetitiva e aburrida na que falta o inxenio e o sentido do humor tan característico coma peculiar do grupo. É quizais unha das peores do disco e non é unha boa canción para representar o álbum.

Con esta proposta tan orixinal e diferente Los Punsetes seguirán gañando adeptos, aínda que sigan sendo una banda alternativa dentro dunha industria que segue estancada no pasado e que lle segue a dar máis importancia á publicidade.

una banda alternativa dentro dunha industria que segue estancada no pasado e que lle segue a dar máis importancia á publicidade.

## MARÍA YÁÑEZ VEIGA (B2ºF)

## KASABIAN

THE WEST  
RIDER PAUPER  
LUNATIC  
ASYLUM

(Sony / BMG – 2009)




POUCO a pouco Kasabian foi afianzándose dentro do panorama musical, The West Rider Pauper Lunatic Asylum,

posiciona a esta banda no lugar que lle corresponde, como unha das principais bandas da escena británica actual. Premios, festivais e unha xira de estadios no Reino Unido —todo un éxito n mostra diso. Este verán teremos a oportunidade de gozar do seu directo no FIB de Benicàssim.

Este disco, o terceiro da súa carreira dende 2004, ten un toque máis escuro cós seus anteriores traballos, aínda que en cancións coma “Fast Fuse” ou “Fire,” repiten a fórmula que xa lles dera o éxito anteriormente. Tamén hai lugar para os sons máis influenciados por outras culturas máis exóticas, que se aprecian en cancións como “Take aim”.

Neste disco hai un maior protagonismo vocal, con menos distorsión e tintes máis melódicos, neste ámbito destacan cancións coma “Tick as Thieves”, que xa fora editada como cara B anteriormente e que foi rescatada para este disco. En definitiva, Kasabian non o puideron facer mellor, foron astutos, aproveitaron a súa oportunidade, acertaron e foron recompensados pola crítica.

## XOSÉ CARLOS YÁÑEZ VEIGA (B2ºF)



## BOB DYLAN

"TOGETHER  
THROUGH LIFE"

(Columbia – 2009)

FALAR de Bob Dylan é fácil e complicado á vez: é doado porque a maioría das súas cancións son espectaculares; é complicado porque xa está dito todo sobre el.

*Together through life* está composto por doce temas que seguen unha certa orde, como se un che levará ao outro, de tal xeito que escoitando o disco enteiro, poderíase apreciar o que nos quere dicir o de Minnesota.

Este álbum está marcado pola peculiar voz de Dylan, cada vez máis desgarradora, e por unha impecable instrumentación, onde se aprecia ese peculiar son Tex-Mex, no acordeón de David Hidalgo (Los Lobos), que se percibe entre outras en “This dream of you”.

Outras cancións que destacan neste álbum, que produce o propio Dylan baixo o pseudónimo Jack Frost, son: “Beyond Here Lies Nothin’”, “If You Ever Go To Houston”, “Jolene” ou “Shake Shake Mama” entre outras.

## MANUEL REI

## MANU CHAO-RADIO BEMBA: Festicultura

1 BAIONARENA. 2 TOMBOLATOUR

(El Farolito Discos /Radio Bemba /Because Music, 2010)



ESTE DOBRE, que contén a actuación en Baiona o 30/7/2008 de Manu Chao e a formación musical Radio Bemba, ademais dos 15 temas do CD 1 e dos 18 do CD 2, achéganos un xeneroso álbum de fotografías do multitudinario concerto, póster e mais un DVD, que tamén se emitiu recentemente en TVE2.

Manu Chao canta un amplo repertorio nas “grandes linguas” do mundo, en inglés, francés, español, italiano. . . Gusta mesmo de misturalas e fundilas; como tamén funde ritmos musicais ben diferentes como o rock, a rumba, o reggae. . . Mais os fíos condutores son os “ruídos” de fondo das grandes urbes, o son das sirenas de policía, voces radiofónicas, voces da “autoridade” de policía e axentes de tráfico (as voces “permanezca a la escucha”, “mantenga la velocidad”, . . .). Mais a súa música festeira, a festicultura, contén un berro humano de liberdade e antiimperialismo, onde conflúen, os “indocumentados e clandestinos”, Nicaragua, Mozambique, Chechenia, Euskal Herria, o pobo saharai ( a composición tradicional Sidi H’Bibi, cantada por Garbancito de La Mano Negra). Non faltan as referencias á guerra e a Bush, “le plus grand terroriste de la planète”, as barreiras cada vez máis grandes entre homes e pobos, por máis que se presuma de progreso e globalización. Canto universal, onde están presentes as grandes preocupacións do noso tempo e onde -pola súa ascendencia galega- non se olvida de Galiza nin de “les amis galiciens”, dos Festicultores Troupe, de que hora é “alá en Fisterra” . . .





## ARCTIC MONKEYS "HUMBURG"

(Domino – 2009)

DESPOIS do grande debut dos de Sheffield, sería moi cómodo volver facer o mesmo, pero iso suporía non avanzar. Así que neste terceiro álbum decidíronse a cambiar de aires, e como resultado temos **Humburg**, un álbum máis pausado nos tempos, pero onde atopamos grandes cancións de rock.

Cancións como "My Propeller", que serve de tarxeta identificadora do disco, un disco que está marcado por: unhas guitarras moi afiadas, un baixo con moita presenza e unha batería de Matt Helders que segue a soar demoledora. E Alex Turner que se reivindica como Frontman.

O disco podese dividir en dúas partes: unha, os temas producidos por Jame Ford, máis lentos, como en "Cornerstone"; outra, os temas que produce Joshua Home (Queens of the Stone Age), que son cancións máis escuras marcadas polos riffs de guitarra, moi influenciadas por Home, como se pode ver en temas como: "Pretty Visitors", "Dance Little Liar", "Potion Approaching" ou "Crying Lightning" o primeiro single deste álbum.



## CRÍTICA de ÁLBUMES GALEGOS

ANDRÉS AGULLA (B2ºB)



## BLOWS: "UPSKIRTS"

PARA aqueles que seguen a crer que en Galiza non saímos da frauta de Carlos Nuñez ou da sombra de nomes como Fuxan os Ventos, deixo unha serie de grupos de aquí (sí, aínda que pareza mentira) que crean novos sonidos ou revalorizan os xa existidos; que fan caer ás mellores pistas do ámbito nacional e que son a delicia para todos aqueles adictos á música de "non-maiorías".

Estes galegos publicaron "Upskirts" a principios de 2008, un debut moi traballado no que se notan tanto as influencias de bandas contemporáneas como The Strokes ou Franz Ferdinand como as de Stone Roses ou do post punk oitenteiro. O resultado é un disco directo, curto, trepidante (41 minutíños, señores) e no que non deixan nin un só segundo para o descanso.

"Sin City Lies", a canción que abre o álbum, deixa ben claro que os de Alex Kapranos son o espello no que se miran para logo decírnos en "Two minutes" e "Damn 80's Hooker" que facerse os Julianes Casablancas ou os Pete Dohertys tamén se lles dá bastante ben.

Desvergoñados e por momentos irreverentes, estes vigueses están chamados a encher pistas de baile en calquera garito indie con cortes como "We Want you" ou "107 dB" e poden darnos moito máis cando rematen de pulir as súas letras, de momento a súa grande materia pendente.

Certo é que non inventan nada novo e que o que fan xa se está a facer dende hai anos nos países de fala inglesa; aínda así, aí está a graza do noso panorama actual. Por que sempre nos queixamos de que o de verdade mola é o que están a facer a nivel internacional e cando alguén de aquí fai exactamente o mesmo críttaselle até a soidade? Di adeus aos prexuízos e di "olá" a The Blows.

Este ano están a terminar o próximo album, e xa nos deleitaron cun adianto; un EP de formato vinilo titulado "Berlín", que contén os dous primeiros singles. Na cara A, a canción homónima, cuns amaños de sintetizador moi prometedores; na cara B, "Catwalk".



## NOVEDADES CARMINHA: "TE VAS CON CUALQUIERA"




"Te vas con cualquiera" é un tratado **punk old school** coas miras postas na actualidade e coa dose xusta de costumismo caseiro e moita mala leche. Reavivan fogueiras antigas —e fácil lembrarse de **Siniestro Total** nos seus inicios— proclamando que "el látex huele mal", "No uso condón", lanzando misivas pro parricidas en "Mata ao teu pai" (un dos mellores cortes do disco), unha canción anti folkies cunha letra tan cafre como recomendábel, aconsellando a "Ensalada de ostias" como prato do día e criticando a promiscuidade dos ligues en "Te vas con cualquiera". Eles defínense como horteras e elegantes, amantes do vinilo ("lo digital huele a rancio y tiene caspa"). Declaran que están cansados dos dinosaurios do rock e reivindican as súas raíces ("L.A.L.I.N" e "Hey Hey Vigo"), con consignas coma "todos los punkis nacen en Lalín...y se hacen pajas con Ramoncín" ou "Hey Hey Vigo! I love only you!".

Un disco debut que supón o puñetazo na boca necesario para espertar consciencias adormecidas acomodadas. Un grupo coa "mala leche" suficiente como para comezar unha revolución en solitario coa diversión e a orixinalidade por bandeira. O lema: "Madre sólo hay una, y no es Johnny Rotten".



## ISABEL VIVERO ACCIÓN (B2ºB)



L.J. SMITH

DAMON. EL RETORNO

(Destino Joven / Planeta – 2010)

APROVEITANDO o tirón da reedición das súas **Crónicas Vampíricas**, publicadas nos 90, L. J. Smith comeza con **Damon. El Retorno** unha nova triloxía sobre as mesmas personaxes, concedéndolle, segundo Destino, máis protagonismo ao vampiro favorito... das lectoras. Na liña entretida dos catro anteriores, pero afortunada-

mente algo máis longo, a nova entrega parece romper o tradicional “que pareza realista”, propio da maioría destes libros de tapas vermellas e negras que xa anuncian que hai un vampiro guapo dentro, e non dubida en meter novos demonios, claves máxicas e incluso adxudicarlle ás de bolboreta a xa suficientemente extraña protagonista...

A miña recomendación e agardar a edición de tapa branda, se alguén ten intención de mercalo.


Actualmente estase a emitir unha serie de televisión baseada nestes libros na TNT.

## ISABEL VIVERO ACCIÓN (B2ºE)

R.A. SALVATORE

"LA PROMESA DEL REY BRUJO"

(Reinos olvidados / Timunas, 2006)



LA promesa del rey brujo é a segunda parte da triloxía **Os Mercenarios**, que en España foi convertida nunha serie de dous libros xunto coa súa continuación **O camiño do patriarca**, deixando fóra a precuela **Servand of the Shard**, aínda non publicada aquí. Nesta ocasión, o mercenario Artemis Entreri e o elfo escuro Jarlaxle (si, Drizzt tamén aparece por aí, como non) atópanse nas Terras da Pedra de Sangue na busca dos poderosos artefactos máxicos que deixou atrás o defacto Rey Brujo, contradados por un par de mulleres-dragón que intentan manipularlos esquecendo a afición de Jarlaxle polo caos e o poder para entreterse... e, quen intentaría manipular ao mercenario pretendendo saír con vida? Moi lixeiro e divertido para ser fantasía épica, ao mais tradicional estilo de Salvatore, vén nunha preciosa edición de tapa dura moi ben ilustrada.

## RECEITA

ISABEL NOVO CANELO (B1ºB - ADULTOS)



## AS ROSQUILLAS DE ISA



## INGREDIENTES:

- Un ovo
- 4 culleradas de aceite
- 4 culleradas de leite
- 4 culleradas de anís
- 6 culleradas de azucre
- Unha culleradiña de levadura Royal
- ½ quilo de fariña
- Aceite para fritir
- Azucre glass



## PREPARACIÓN:

Nun recipiente fondo de cristal ponse un ovo e bátese un pouco. Engádesse o aceite, o leite e o anís. Mestúrase ben e agrégase entón o azucre e a levadura. Váiselle engadindo a fariña pouco a pouco. Convén non botala toda para que non quede unha masa moi dura, ten que quedar un pouquiño pegañenta. Fanse as rosquillas e vanse fritindo, primeiro con aceite non moi quente e despois cando teñan subido, ponse máis forte. Sácanse, déixanse escorrer e espolvoréxanse con azucre glass.

(Ás veces fágoas integrais usando unha fariña que se llama "Bizcochona Integral", que xa trae lévedo.)



# ADIVIÑA quen FOMOS e SOMOS

CONSIDÉRASTE UN BO FISONOMISTA?

**P**ODES PÓR A PROBA AS TÚAS CAPACIDADES

Aquí tes imaxes de trece profesores e profesoras do Instituto. Pero claro, as fotos non son recentes. Pasaron un aníños...

Dámosche os nomes e ti verás a quen llos pos:

- Ana Dopico
- Cruz Pena
- Manuel Rei
- Elvira Roiz
- "Cane" Santiago
- Bernardo Máiz
- Carmen Bilbao
- M<sup>a</sup> Iesús García
- Angeles Sesane
- Concepción Aquado
- Carmen Rodríguez
- Delia Vázquez
- Dilar Martínez

**MENOS DE 3 ERROS:**

Es un fisonomista xenial

**ENTRE 4 E 6 ERROS:**

Non hai queixa, es observador

**ENTRE 7 E 10 ERROS:**

Es un mal fisonomista

**MÁS DE 10 ERROS:**

Non ves catro nun burro.



Solucións na páxina 42!





# DITOS CÉLEBRES E CELEBÉRRIMOS

(sen censura)

Recollidos no centro  
por Vitor, Saulo e  
outros/as  
alumnos/as de B2ºE.

"Ahora cuando conecte esto, la aguja debería moverse; no lo va a hacer, ya os aviso" (BONOME)

"Utilizo a palabra columna para incidir en que é unha columna" (ALEJANDRO)

"Ti es un pimpín acuático!" (MANUEL)

"Si, si... castigar-me a preguntas" (TEODORO)

"Eu sei que esta materia pode resultar árida, incluso moi árida" (CONCHI)

"Porque son conocidos, y entonces se conocen" (PINILLA)

"Me vi así como una ardilla encima del mar" (PINILLA)

"Un péndulo es... un péndulo es como quien tiene un reloj de péndulo" (BONOME)

"O que vacila o último vacila mellor, eh pillabán!" (MANUEL)

"Vós confundides as papas coas verzas" (MANUEL)

"No confundir el mito de la caverna con taberna, y menos poner caverna con b" (JAVIER)

"Un bico suave, non un bico erótico-festivo" (MANUEL)

"Si la filosofía sirve para algo es para leer los periódicos" (JAVIER)

"A veces me visita el alemán, si, ese que se llama Alzheimer" (ALEJANDRO)

"Se me salía el corazón por las escaleras, quiero decir, por el pecho" (JAVIER)

"Tengo un primo más rojo que los pimientos morrones" (PINILLA)

"Ti falas un pouco amorfo" (MANUEL)

"Estudar duro que é o teu futuro" (MANUEL)

"Si a Zeus le dá la gana me convierto en un peral" (JAVIER)


"Yo, ahora mismo, soy el Estado" (JAVIER)

"Esto no los voy a exigir exigir, pero si exigir un poco" (PINILLA)





# Letras Galegas 2010



UXÍO NOVONEYRA  
(1939-1999)

**P**alabras cruzadas

**S**opa de letras




LOCALIZA DEZ NOMES de árbores e plantas abundantes no Courel e na obra de Novoneyra. (Inclúe algún dialectalismo que empregaba o poeta).



**S**alto de cabalo

no	len	va	"0
da	ír	se	
si	cas	cio	as
pa	se		rán
	no	cer	rra"

Se te moves por este cadro como o cabalo de axedrez, lerás un verso de Novoneyra.



**HORIZONTAIS:** **1.** Nesta aldea de Folgoso do Courel naceu Uxío en 1939, no seo dunha das familias de labregos máis ricas do lugar. Narrador lucense autor de "Á lus do Candil" e amigo de Novoneyra (andou agachado no Courel na dura posguerra). **2.** Animal plantígrado noutrora frecuente no Courel. (En Moreda do Courel este animal dá nome a unhas covas rupestres). Enferma; enfermiza, insalubre, malsá. Símbolo químico do aluminio. **3.** Agros, leiras, cortiñas, terreos cultivados. (Palabra emblemática na obra de Novoneyra). Preposición. Artigo feminino. Símbolo químico do vanadio. **4.** Símbolo químico do xofre. Labre, traballe a terra. Brétema, neboeiro, nebra. Fenómeno atmosférico frecuente nos cumios dos montes que cantou Novoneyra. **5.** Desprazábase, dirixíase. Cincocentos en números romanos. Colección de mapas e cartas xeográficas nun volume. **6.** Célebre poeta andaluz autor de "Marinero en tierra", amigo de Novoneyra e marxista coma el. Ningunha cousa, nada. **7.** Pasa a vista por un escrito e comprende o seu significado. Adxectivo que expresa cor e, tamén, nome da filla maior de Novoneyra, bailarina e coreógrafa. **8.** Mamífero carniceiro moi presente no Courel e na obra de Novoneyra. Instituto Galego. Osíxeno. Consoante dental. **9.** Utilícenllos, empréguenllos. Aire; vento. **10.** Consoante velar, sétima letra do alfabeto galego. Fermoso nome galego, variante de Rodrigo. Oe, escoita. **11.** Ao revés, interxección que se emprega para mandar parar aos cabalos ou a outros animais de carga. Vila medieval á que cantou Novoneyra en "(...). Poema dos caneiros e estampas" (1998).

**VERTICAIS:** **1.** Principal xénero literario que cultivou Uxío Novoneyra. Cidade galega onde Novoneyra rematou o Bacharelato e onde coñeceu a Manuel María, Fole... **2.** Deste xeito, desta maneira. Bulbos brancos, redondos e de forte olor que se empregan como condimento. **3.** Peza circular que xira arredor dun eixe. Inxerir líquidos. **4.** Primeira letra do alfabeto. Mandato, consigna. Ao revés, tarxeta, vale. (Tamén é, ao revés, líder do grupo irlandés U-2). **5.** Fálase, coméntase, rumoréase. Símbolo químico do rubidio. Ligue, ate, amarre. **6.** Prefixo negativo (ou, ao revés, símbolo químico do sodio). Aparello que serve como soporte de libros, partituras... Letra chamada "tau" en grego. **7.** Capital de Galicia e un dos dous espazos vitais máis importantes de Novoneyra. A primeira letra do alfabeto. **8.** Cuarta nota da escala musical. Nitróxeno. Sensación percibida polo sentido do ouvido. **9.** Oeste. Abrazo, abrango. Breixo, torga, urce (planta arbustiva frecuente no Courel e na obra de Novoneyra). **10.** Pelo da ovella que se emprega para facer tecidos. Do óso ou relativa a el; constituída por ósos. Pai do pai ou o pai da nai. **11.** Nome da muller de Novoneyra con quen casou en 1973. Norte. Número de fillos que tiveron Novoneyra e a súa muller.